



Prezadas familias,

Antes de nada desexarlles a todas e a todos un feliz ano.

Sabemos que algún de vostedes recibiu como “agasallo” de fin de ano ou benvida do novo una notificación de sanción por “parar ou aparcar non respectando unha liña amarela...”

Dende o centro queremos informalos ao respecto:

No ano 2018, coincidindo coa peatonalización da Avenida de Mariña desviouse todo o tráfico pola rúa do Colexio.

Ante a gran saturación do tráfico rodado, o Concello decidiu pintar de amarelo todo o fronte do Colexio para non aparcar e así non colapsar a circulación.

Nunca se nos informou que as familias non podían deixar e recoller os nenos nas inmediacións do Colexio, de feito nunca ocorreu nada durante os seis anos que leva pintado, nin incluso cando todo o tráfico discurría por esta rúa.

A sorpresa de todos foi o día 5 de decembro, cando dous axentes da Policía Municipal pasan pola rúa no coche oficial, gravando todos os vehículos que agardaban a que saíran os nenos. En ningún momento a rúa presenta colapso ou embotellamento, a circulación é fluída como outro día calquera.

Nese mesmo instante a dirección do centro púxose en contacto coa Alcaldía para informalo do acontecido.

Segundo o Sr. Alcalde, éste acode a falar cos axentes en cuestión e estes dinlle que hai liña amarela e que non respectala é infracción. Non hai máis explicacións.

A verdade é que o colexio rematou o día 20 de decembro e nada se volveu a saber do tema, imaxinamos que os axentes recapacitarían e todo quedara en nada.

Pero nada máis lonxe da realidade, cando a partir do día 30 varias familias coméntannos que reciben unha multa de 100€, 50€ por pronto pago.

Voltamos a falar co Alcalde e coa Policía Municipal, cos axentes implicados non puidemos chegar a falar persoalmente xa que se atopan de vacacións. Indicámoslles que non había dereito a que se sancionaran ás familias do noso centro, cando nos outros colexios pasa o mesmo e non ocorre nada.

Queremos unha solución ao problema, tanto polo que pasou como polo que pode pasar no futuro.

Polo que respecta ao ocorrido o día 5, cóstanos que houbo familias que xa pagaron a sanción, outras presentaron reclamación e outras están agardando a que comece a actividade lectiva para tomar a decisión.

Se as familias queren presentar unha reclamación colectiva, sempre que se poida, nós apoiarémolos no que precisen e estea na nosa man.

Polo que respecta ao futuro, indícanos desde a Alcaldía e Policía Municipal que van pintar con liña discontinua amarela e así as familias poderán deixar e recoller o alumnado, nunca deixar os vehículos aparcados durante un período longo de tempo

Marcarán unha zona exclusiva de autobús onde si que non se poderá nin parar nin estacionar.

Sentimos moito o ocorrido, laiámonos do feito e consideramos que é un agravio comparativo con respecto aos outros centros educativos.

Consideramos que foi un feito illado duns axentes da Policía Municipal en concreto, pero que tivo unhas consecuencias desagradables para varias familias.

Agardamos que non volva a ocorrer un feito semellante.

Reciban un cordial saúdo.

A dirección